

SANTÍN ATENDE A PETICIÓN DOS VECIÑOS E DO ALCALDE DE NAVIA, COMPROMETÉNDOSE A PEDIR NO PARLAMENTO QUE A XUNTA GARANTA A ATENCIÓN MÉDICA

O deputado autonómico, alertado por Fernández, asumiu este compromiso, e anuncia que pedirá ao Goberno galego que “dea marcha atrás” no que “semella ser un novo plan para acabar coa Sanidade na Montaña”, pois, segundo indicou o rexedor, “estamos con interinos que van e veñen, incluso por semanas e por días, debido a que levamos 20 meses sen que se cubra a baixado titular”

O actual alcalde, que foi o promotor da iniciativa, subliñou que “non podemos deixar abandonados aos veciños, e faremos todo o que estea na nosa man para evitar este ataque frontal á Sanidade, porque non podemos esquecer que detrás de todo isto están as persoas, e coa saúde non se xoga”, apuntou

Para Santín, a situación de Navia de Suarna é consecuencia “da política redutora da Xunta”, plasmada tamén no anuncio de reducir facultativos nos concellos de menos de 2.000 habitantes; unha medida que, de levarse a cabo, afectaría a un total de 24 municipios, é dicir, a 32.765 habitantes

Navia de Suarna, 22 de maio de 2015.- O deputado autonómico e secretario Provincial – Juan Carlos González Santín-, alertado polo alcalde e candidato á alcaldía de Navia de Suarna –José Fernández-, non quixo rematar a campaña electoral sen atender a petición dos veciños da localidade que están a ser “os grandes prexudicados” na decisión da Xunta de Galicia de reducir o servizo de atención médica do centro de saúde, pois, tal e como destacou Fernández, “nestes momentos estamos con médicos interinos que van e veñen, incluso por semanas e por días, debido a que levamos 20 meses sen que o Goberno de Feijóo cubrise a baixa do facultativo titular que está de baixa por enfermidade”.

Trátase, por tanto, dixo, “dunha realidade que está acarreado un problema moi severo a todos os veciños e veciñas do concello e incluso a outra xente que ten a cartilla aquí, e que é de Asturias ou de Cervantes”. Proba diso, engadiu, é “que hai enfermidades que o propio médico non pode solucionar porque non dispón nin coñece o historial como debería ao non ser o profesional titular”.

Deste xeito, o actual rexedor e o secretario Provincial incidiron na importancia de que a administración autonómica “dea marcha atrás” no que “semella ser un novo plan para acabar coa atención sanitaria na Montaña”. A este respecto, González Santín anunciou que a vindeira semana rexistrará unha iniciativa no Parlamento de Galicia co obxectivo de recabar o apoio unánime da Cámara con este fin.

“Aos socialistas vannos ter en contra”

Pola súa banda, o deputado autonómico denunciou que “a Sra. Mosquera tivese a desfachatez de vir a Lugo para dicirnos que os lucenses que poidan sufrir un infarto a partires das tres da tarde non imos poder ser atendidos e, agora, tamén semella que quere meter o bisturí nos centros de saúde; unha situación que afecta moi seriamente a estes veciños, tendo en conta a dispersión xeográfica da Montaña. O que se reclama en Navia é un dereito. Por iso, no Parlamento esixiremos responsabilidades. Este Goberno galego

estanos levando a unha traxedia sanitaria. Dende logo, aos socialistas, tal e como demostramos onte en Lugo, participando activamente na manifestación do HULA, vannos ter en contra de todo o que supoña o desmantelamento do sistema polo que tanto loitamos. Así o manifestarei na iniciativa que rexistre”, confirmou González Santín.

Neste senso, José Fernández agradeceulle persoalmente a disposición e a colaboración ao deputado autonómico, xa que, dixo, “neste caso toda a axuda é pouca”. “Os socialistas non podemos deixar abandonados aos veciños e temos que estar do seu lado. Faremos todo o que estea na nosa man para evitar este ataque frontal á Sanidade, porque non podemos esquecer que detrás de todo isto están as persoas. A diferenza está en que para o PP os cidadáns son números e para nós son unha prioridade. Aos gobernos do PP só lles preocupa cadrar as contas, pero coa saúde non se xoga”, apuntou o alcaldable.

Máis respostas do socialistas

A demanda dos veciños de Navia de Suarna non é a única petición que atende o secretario Provincial nesta materia. Recentemente, os socialistas tamén reclamaron á Xunta, na Cámara galega, que garanta “a calidade sanitaria asistencial” aos veciños de Riotorto e Mondoñedo ou Cospeito, e que tamén están “a sufrir unha auténtica precariedade neste senso”, ao non dispoñer, de consulta médica cando hai unha emerxencia ou de servizos tan esenciais como o de pediatría.

E é que, para os representantes do PSOE, a falla de facultativos nestes centros de saúde, non é máis que outra consecuencia dos continuos recortes dos Gobernos do Partido Popular. A este respecto, destaca Santín, “a falla de profesionais sanitarios e o empeoramento da calidade asistencial no sistema sanitario provincial, vén a demostrar que non faltamos á verdade cando, no seu momento, dixemos que os Orzamentos da Xunta de 2015 eran unha pantomima e unha nova burla aos cidadáns, e que marcaban a folla de ruta dun Goberno que continúa sen ter previsións para a nosa provincia”.

“A política redutora da Xunta”

Por tanto, para o deputado autonómico o que está a pasar en Cospeito é consecuencia “da política redutora da Xunta”, plasmada tamén no anuncio de reducir facultativos nos concellos de menos de 2.000 habitantes. Trátase esta dunha medida que, de levarse a cabo, afectaría a un total de 24 municipios, é dicir, a 32.765 habitantes.

Deste xeito, neste recorte, a comarca máis afectada sería a da Montaña, pois 7 concellos, entre os que se inclúe Navia de Suarna, se verían prexudicados, o que supón preto de 8.300 cidadáns. Seguiríalle A Mariña, con 7.757 veciños residentes en catro municipios; Sarria, con outros catro concellos e 5.755 habitantes; Terra Chá, con 4.969 e catro concellos; Zona Sur, con tres municipios e 4.632 cidadás e, por último, a comarca de Lugo, con preto de 3.400 veciños residentes en dous municipios..

